



EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 4 DE OUTUBRO DE 2019, AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA DAS AXUDAS POR GASTOS DE GARDERÍA DOS FILLOS OU ORFOS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2018 AO 31 DE AGOSTO DE 2019.

De acordo cos artigos 59 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral e do 56 do Acordo Marco Único para Persoal Funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo, publicados no BOP en datas 30/08/1990 e 31/01/1991, respectivamente, convócase o seguinte concurso para a adxudicación de axudas por gastos derivados da estancia en garderías dos fillos ou orfos dos empregados públicos da Excma. Deputación Provincial, correspondente ao período que vai dende o día 1 de setembro de 2018 ó 31 de agosto de 2019, que se rexerá polas seguintes bases:

Primeira.- Axudas para conceder.

Concederanse axudas por gastos derivados da estancia en garderías de fillos ou orfos dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, incluídos no ámbito de aplicación dos vixentes Acordo Marco Único para persoal funcionario e Convenio Colectivo Único para persoal laboral, sempre que aqueles non estean en idade de escolarización obrigatoria (6 anos) e ata o inicio efectivo desta, salvo minusválidos, aos que non se lles aplicará límite de idade. Se o traballador non prestara servizos durante o período que corresponde ao ano escolar, a axuda será proporcional ao tempo traballado.

Segunda.- Período e xustificación.

As devanditas axudas concederanse por ano escolar vencido, é dicir, desde o 1 de setembro de 2018 ó 31 de agosto de 2019.

Os solicitantes deberán presentar xustificación do gasto ocasionado nos períodos que se sinalan, excluindo gastos de comida ou transporte.

Terceira.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes para poder optar a estas axudas presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada da Deputación Provincial, no modelo que se facilitará na antedita unidade ou na Sección de Administración de Recursos Humanos desta Entidade, durante o prazo de **UN MES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da Convocatoria do Concurso no Boletín Oficial da Provincia.

Presentarase unha solicitude por cada fillo.

As solicitudes deberán ir acompañadas de:

- Xustificación do gasto ocasionado nos termos que se sinalan no apartado anterior.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia, partida de nacemento ou documento de valor análogo onde consten a filiación e a data de nacemento do neno/a polo que se solicita a axuda.
- Certificación orixinal ou fotocopia compulsada do recoñecemento de minusvalía, se fose o caso.
- Documentación acreditativa oficial dos ingresos por pensión de xubilación, invalidez, viudedade ou orfandade nos casos de solicitantes que non estean en situación administrativa de servizo activo. Nestes supostos, se non se achega a citada documentación coa solicitude, entenderase de aplicación a contía básica.

Cando se observe que algún requisito esixido nas presentes bases non está suficientemente acreditado, poderáselle pedir ao solicitante que achegue, a maiores do sinalado nos apartados "a", "b" e "c" anteriores á xustificación que se estime conveniente, expresando na notificación o motivo da petición e outorgándolle un prazo non inferior a cinco días.

Cuarta.- Motivos de denegación.

Constitúen motivos para negar a axuda ou suspendela unha vez concedida:

- a) Presentar a solicitude fóra do prazo establecido nestas bases.
- b) Non presentar os documentos sinalados na base terceira.
- c) O incumprimento de calquera outro requisito establecido nas presentes bases.

No caso de que se aprecie no solicitante intención fraudulenta, ou este cometera calquera tipo de acción tendente a confundir, ocultar ou aparentar circunstancias, a Comisión de Valoración propoñerá a Xunta de Goberno que esixa o reintegro das cantidades percibidas dende a comisión do acto fraudulento, quedando inhabilitado durante cinco anos para percibir calquera outra axuda das reguladas nestas bases e outros regulamentos da Deputación, sen prexuízo das responsabilidades que, por outra vía, se poidan esixir.

Quinta.- Contía da axuda.

A contía da axuda determinarase fixando unha cantidade equivalente ao gasto xustificado por cada fillo, ata un límite máximo de 681,11 euros, por neno, e ata o límite de autorización de crédito para o citado gasto.

O límite máximo sinalado verase incrementado ata un importe de 817,33 euros, por neno, cando sexa fillo dun empregado provincial cuxa retribución ordinaria anual estea comprendida entre os 20.000 e os 30.000 euros; e ata 885,44 euros por neno cando a citada retribución sexa inferior aos 20.000 euros anuais, tomando como referencia as retribucións do exercicio económico 2018. A estes efectos entenderase como retribucións ordinarias a suma dos importes das retribucións polos conceptos de soldo base, trienios, complemento de destino, complemento específico e pagas extraordinarias.

No caso de exceder a consignación orzamentaria reducirase de xeito lineal a devandita asignación.

Sexta.- Comisión de Valoración

Para a determinación da contía das axudas constituirase unha Comisión de Valoración que, tras a comprobación das solicitudes e documentación presentada, formulará proposta de adxudicación de axudas na contía correspondente.

Composición:

- a) A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: A deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo ou membro da Corporación que o substitúa.

VOGAIS:

- A deputada delegada de Economía, Recadación e Facenda ou membro da Corporación que a substitúa.
- O xefe do Servizo de Recursos Humanos ou funcionario que o substitúa.
- O Presidente da Xunta de Persoal ou membro da mesma que o substitúa.
- O Presidente do Comité de Empresa ou membro do mesmo que o substitúa.

SECRETARIO/A:

- A Secretaria da Corporación, con voz e voto, podendo ser substituído por funcionario con Habilitación Estatal que preste servizos nesta entidade ou por funcionario que regulamentariamente o substitúa.

- b) Incorporación de asesores e persoal de colaboración.

A Comisión de Valoración do concurso poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naqueles casos nos que se demande oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de asistencia e colaboración.

- c) Pagamento de asistencias aos membros da Comisión de Valoración.

Os membros da Comisión de Valoración, así como os asesores ou persoal de colaboración que se incorporen, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida no RD 462/2002 de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data do feito causante, na categoría primeira.

Sétima.- Resolución

Á vista da proposta de adxudicación de axudas formulada pola Comisión de Valoración, conforme ó punto anterior, a Xunta de Goberno resolverá definitivamente o concurso.

Pazo provincial de Lugo, 4 de outubro do 2019 A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

SOLICITUDE DE AXUDA DE GASTOS DE GARDERÍA

PERÍODO DE 1 SETEMBRO 2018 AO 31 DE AGOSTO 2019

DATOS DO TRABALLADOR:D./D^a. _____ DNI _____

ENDEREZO _____ TFNO: _____

 PENSIONISTA FUNCIONARIO PERSOAL EN ACTIVO LABORAL

UNIDADE ONDE PRESTA SERVIZOS _____

DATOS DO FILLO/A:

APELIDOS E NOME _____

DATA DE NACEMENTO _____

IMPORTE DO GASTO: _____

DATOS DA GARDERÍA:

NOME DA GARDERÍA _____

ENDEREZO _____ TLFNO: _____

DECLARACIÓN XURADA:

O que asina, declara que son certos todos os datos consignados nesta solicitude.

Solicita: Que lle sexa concedida a axuda na contía que estableza o xurado de selección, segundo o exposto nas bases confeccionadas para a presente concesión de axudas de gastos de gardería, para o persoal desta Deputación Provincial.

Lugo, de de 2019

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Tramitación de bolsas de estudos, vivenda e gardería
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento
Destinatarios	Non previstos
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal

¹ Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh

DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑARÁN A ESTA SOLICITUDE:

- A) Xustificación do gasto ocasionado nos termos que se sinalan na base segunda.
- B) Fotocopia compulsada do libro de familia, partida de nacemento ou documento de valor análogo onde consten a filiación e data de nacemento do neno/a pola que se solicita a axuda.
- C) Certificación orixinal ou fotocopia compulsada do recoñecemento de minusvalía, se é o caso.

R. 3027

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 4 DE OUTUBRO DE 2019, AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO ANO 2018.

En cumprimento co establecido no artigo 58 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial e no artigo 55 do Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial, publicados no BOP con data 30/08/1990 e 31/01/1991, respectivamente, convócase concurso para a adxudicación de axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual, correspondente ao **ano 2018**, para os empregados públicos da Excm. Deputación Provincial incluídos no ámbito de aplicación do Acordo Marco Único e Convenio Colectivo Único, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.- As axudas que se poden conceder consistirán nunha cantidade que se determinará tendo en conta os seguintes criterios:

- a) As axudas calcularanse sobre a contía do préstamo ou préstamos que se dediquen á compra de vivenda habitual sen que esta poida superar 60.101,21 euros. Desta cantidade inicial detraerase anualmente a cantidade amortizada, calculándose sobre esta os xuros anuais sobre os que se calculará a axuda.
- b) A contía da axuda cuantificarase aplicando ata 2 puntos de xuro ao préstamo correspondente cuantificado conforme se determina no apartado anterior, a partir dun 1% inicial a aboar sempre polo solicitante.

Segunda.- Para solicitar o financiamento de xuros por compra ou rehabilitación de vivenda requirirase:

- a) Ser empregado público (persoal funcionario ou laboral) desta Deputación Provincial e estar dentro do ámbito persoal de aplicación do Acordo Marco Único e o Convenio Colectivo Único. Se o traballador non prestara servizos durante o ano completo, a axuda será proporcional ao tempo traballado.
- b) Estar xubilado ou ser pensionista desta Deputación, sempre que con antelación ó momento de percibir a pensión tiveran concedido un préstamo para compra ou rehabilitación de vivenda.

c) Ter concedido un préstamo por unha entidade financeira para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual e ter satisfeitos xuros no ano 2018. É requisito imprescindible que o préstamo estea destinado á adquisición de vivenda habitual, de xeito que a parte do mesmo que non se aplique á indicada finalidade, quedará excluída da presente axuda. No suposto de que a axuda este destinada a rehabilitación dunha vivenda que vaia servir como domicilio principal do solicitante, ademais da documentación do préstamo deberase aportar o proxecto que avale e documente tales obras como rehabilitación.

d) No caso de que ambos os dous cónxuxes sexan empregados desta Deputación, só se concederá unha axuda por vivenda.

Terceira.- As axudas deberán ser solicitadas polos interesados mediante instancia con declaración xurada de que son certos os datos consignados na devandita declaración, en modelo oficial que se facilitará no Rexistro Xeral, dirixida á Presidencia da Deputación Provincial.

A solicitude, a efectos de verificar o dereito da persoa solicitante a percibir esta axuda, estará acompañada obrigatoriamente da seguinte documentación:

a) Certificado expedido pola entidade financeira que outorgou o préstamo no que consten os xuros aboados durante o ano 2018. No devandito certificado farase constar obrigatoriamente:

- Identificación do titular do préstamo e da vivenda para a que se concedeu, incluíndo o enderezo desta.

- Tipo ou tipos de xuro aplicado/s durante o exercicio de 2018, con especificación do período en que se aplicou cada un.

- Importe dos xuros aboados no período comprendido entre o 1.01.2018 e o 31.12.2018.

- Importe do capital pendente de amortización a 01.01.2018 (ou na data en que se formalice o crédito) e a 31.12.2018.

Facilitarase un modelo que reúna os datos anteriores e serán rexeitados os certificados que non reúnan todos os datos sinalados.

b) Nos casos de compras anteriores a 1 de xaneiro de 2013, fotocopia compulsada da declaración da renda correspondente ao exercicio de 2018, na parte en que consten a identificación do traballador e as cantidades polas que desgrou nese ano.

c) Nos casos de compras posteriores a 1 de xaneiro de 2013 a documentación da declaración da renda será substituída por aquela outra que permita verificar fehacientemente que o préstamo polo que se aboan xuros para os que se solicita a axuda é para o financiamento da vivenda habitual.

d) Cando se observe que algún requisito dos esixidos nas presentes bases non está suficientemente acreditado, poderáselle pedir ao solicitante que entregue, a maiores do sinalado nos apartados "a", "b" e "c" anteriores, xustificación que se estime suficiente, expresando na notificación o motivo da petición e outorgándolle un prazo non inferior a cinco días.

Cuarta.- Constitúen motivos para negar a axuda :

a) Presentar a solicitude fóra do prazo establecido nestas bases.

b) Non presentar os documentos sinalados na base terceira.

c) Que a vivenda non se destine a residencia habitual e permanente.

d) O incumprimento de calquera outro requisito establecido nas presentes bases.

No caso de que se aprecie no solicitante intención fraudulenta, ou este cometera calquera tipo de acción tendente a confundir, ocultar ou aparentar circunstancias, o xurado propoñerá a Xunta de Goberno que esixa o reintegro das cantidades percibidas desde a comisión do acto fraudulento, quedando inhabilitado durante cinco anos para percibir calquera outra axuda das reguladas nestas bases e outros regulamentos da Deputación, sen prexuízo das responsabilidades que, por outra vía, se poidan esixir.

Quinta.- As solicitudes para optar a esta axuda presentaranse no prazo de **UN MES**, que contará dende o día seguinte ao da publicación destas bases no BOP.

Sexta.- No suposto de resultar insuficiente a cantidade presupostada no Fondo Social para atender todas as solicitudes, as axudas adxudicaranse en función do nivel de renda familiar do solicitante, tendo preferencia os solicitantes con nivel de renda familiar máis baixo. Enténdese por renda familiar para estes efectos o cociente que resulta de dividir os ingresos familiares polo número de membros da unidade familiar.

Sétima.- Para a determinación da contía das axudas constituirase unha Comisión de Valoración que, trala comprobación das solicitudes e documentación presentada, formularán proposta de adxudicación de axudas na contía correspondente.

a) A Comisión de Valoración do concurso estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: A deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo ou membro da Corporación que o substitúa.

Vocais:

- A deputada delegada da Área de Economía, Recadación e Facenda ou membro da Corporación que a substitúa.
- O xefe do servizo de Recursos Humanos ou funcionario que o substitúa.
- O Presidente da Xunta de Persoal ou membro da mesma que o substitúa
- O Presidente do Comité de Empresa ou membro da mesma que o substitúa

Secretario/a: A Secretaria da Corporación, con voz e voto, podendo ser substituído por funcionario con Habilitación Nacional que preste servizos nesta Entidade ou por funcionario da escala Técnica.

b) Incorporación de asesores e persoal de colaboración.

A Comisión de Valoración do concurso poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naqueles casos nos que se demande oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de asistencia e colaboración.

c) Pagamento de asistencias ao xurado.

Os membros da Comisión de Valoración, así como os asesores ou persoal de colaboración que se incorporen, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida no RD 462/2002 de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data do feito causante, na categoría primeira.

Oitava.- A proposta de adxudicación das axudas, que non poderá exceder do crédito dispoñible para este fin, será remitida á Xunta de Goberno que resolverá definitivamente.

Pazo provincial de Lugo, 4 de outubro do 2019 A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

SOLICITUDE DE AXUDA NA ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL CORRESPONDENTE AO ANO 2018

DATOS DO/A TRABALLADOR/A:

D./D^a. _____ DNI _____

ENDEREZO _____ TFNO: _____

PENSIONISTA

FUNCIONARIO

PERSOAL EN ACTIVO

LABORAL

UNIDADE ONDE PRESTA SERVIZOS _____

DATOS DA ENTIDADE BANCARIA:

NOME _____ AXENCIA N^o _____

ENDEREZO _____ TELÉFONO: _____

DATOS DA VIVENDA POLA QUE SE SOLICITA AXUDA:

ENDEREZO _____ LOCALIDADE _____

DECLARACIÓN XURADA:

O que asina, declara que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e son consciente de que no caso de que me sexa apreciada intención fraudulenta, ou cometera calquera tipo de acción tendente a confundir, ocultar ou aparentar circunstancias, poderame ser esixido o reintegro das cantidades percibidas desde a comisión do acto fraudulento, quedando inhabilitado durante cinco anos para percibir calquera outra axuda da Deputación, sen prexuízo das responsabilidades que, por outra vía, se me poidan esixir

Solicita: Que lle sexa concedida a axuda na contía que estableza o xurado de selección, segundo o exposto nas bases confeccionadas para a presente concesión de axudas na compra ou adquisición de vivenda habitual, para o persoal desta Deputación Provincial.

Como asinante

Lugo, de _____ de 2019

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Tramitación de bolsas de estudos, vivenda e gardería.
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.
Destinatarios	Non previstos.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos.
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal.

¹ Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑARÁ A SOLICITUDE

1. CERTIFICADO DOS XUROS ABOADOS DURANTE O ANO 2018, EXPEDIDO POLA ENTIDADE BANCARIA CORRESPONDENTE, SEGUNDO MODELO ADXUNTO. REXEITARANSE OS CERTIFICADOS NOS QUE NON CONSTEN OS DATOS NA SÚA TOTALIDADE.

NOS CASOS DE COMPRAS ANTERIORES A 1 DE XANEIRO DE 2013, FOTOCOPIA COMPULSADA DA DECLARACIÓN DA RENDA CORRESPONDENTE Ó ANO 2017, NA PARTE QUE CONSTEN A IDENTIFICACIÓN DO TRABALLADOR E AS CANTIDADES POLAS QUE DESGRAVOU NESE ANO.

2. NOS CASOS DAS COMPRAS POSTERIORES A 1 DE XANEIRO DE 2013 A DOCUMENTACIÓN DA DECLARACIÓN DA RENDA SERÁ SUBSTITUÍDA POR AQUELA OUTRA QUE PERMITA VERIFICAR FEHACIENTEMENTE QUE O PRÉSTAMO POLO QUE SE ABOAN XUROS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA É PARA O FINANCIAMENTO DA VIVENDA HABITUAL.

MODELO DE CERTIFICACIÓN BANCARIA

D./D^a. _____ con N.I.F. _____ en calidade de
 _____ da Entidade _____ con domicilio en
 _____.

CERTIFICO: Que D/D^a. _____, con N.I.F. _____ é titular dun préstamo hipotecario/persoal (táchese o que non proceda) nº _____, formalizado en data _____ para a adquisición dunha vivenda sita en _____.

Que o tipo de xuro aplicado durante o ano 2018 foi:

- _____ % durante o período _____ ata _____
- _____ % durante o período _____ ata _____

QUE O IMPORTE DOS XUROS ABOADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 1/01/2018 E 31/12/2018 ASCENDE
 Á CANTIDADE DE _____ EUROS.

O importe do capital pendente de amortización a 1/01/2018 (ou data na que se formalizou o crédito) ascendía á cantidade de _____ euros e a 31/12/2018 a _____ euros.

Para que conste e a petición de interesado, expido a presente certificación en Lugo ____, de _____ de 2019.

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 4 DE OUTUBRO DE 2019, AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2018/2019.

De acordo co establecido nos artigos 53 e concordantes do Acordo Marco Único para o persoal funcionario e 56 e concordantes do Convenio Colectivo para o persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, publicados no BOP de Lugo de datas 31-01-91 e 30-08-90 respectivamente, convócase o seguinte:

Concurso para a adxudicación de bolsas de estudos para os empregados públicos da Deputación Provincial, correspondente ao curso académico 2018-2019, que se rexerá polas seguintes bases:

Primeira.- Serán beneficiarios destas bolsas de estudos: os empregados públicos desta Deputación, aos que lles é de aplicación o Acordo Marco Único e o Convenio Colectivo Único e aos seus fillos ou orfos.

Segunda.- As axudas a conceder aos alumnos (fillos ou orfos dos empregados públicos da Deputación que residan no concello do Centro Académico), consistirán en bolsas de estudos para as seguintes ensinanzas e nas contías que se indican e que se clasifican, en tres tramos, segundo o total importe retributivo ordinario anual (soldo ou pensión) do/a empregado/a provincial co que gardan a relación de parentesco filial:

CLASIFICACIÓN (Art. 3 LO 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN)		CONTÍA BÁSICA	≤30.000€	<20.000€	
a) ED. INFANTIL	0-3 anos	-----	-----	-----	
	3-6 anos	105,94	127,13	137,72	
b) ED. BÁSICA	ED. PRIMARIA	1º CICLO: 6,7 anos	152,22	182,66	197,89
		2º CICLO: 8,9 anos	152,22	182,66	197,89
		3º CICLO: 10,11 anos	185,27	222,32	240,85
	ESO	1º CICLO: 12,13 anos	185,27	222,32	240,85
		2º CICLO: 14,15 anos	251,38	301,66	326,79
c) ED. SECUNDARIA POSTOBLIGATORIA	BAC	251,38	301,66	326,79	
	FP GRAO MEDIO	251,38	301,66	326,79	
	ENS. PROF. ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO GRAO MEDIO	251,38	301,66	326,79	
	ENS. DEPORTIVAS GRAO MEDIO	251,38	301,66	326,79	
d) ED. SUPERIOR	FP GRAO SUPERIOR	251,38	301,66	326,79	

CLASIFICACIÓN (Art. 3 LO 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN)		CONTÍA BÁSICA	≤30.000€	<20.000€
	ENS. PROF. ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO GRAO SUPERIOR	251,38	301,66	326,79
	ENS. DEPORTIVAS GRAO SUPERIOR	251,38	301,66	326,79
	ENS. ARTÍSTICAS SUPERIORES	251,38	301,66	326,79
	ENS. UNIVERSITARIAS (diplomatura, licenciatura e similares e grao universitario)	681,11	817,33	885,44
e) ENS. DE RÉXIME ESPECIAL	ENS. DE IDIOMAS	72,89	87,47	94,76
	ENS. ARTÍSTICAS	72,89	87,47	94,76
	ENS. DEPORTIVAS	72,89	87,47	94,76
f) PROXECTO		185,27	222,32	240,85

As axudas que se recollen no cadro anterior tamén serán de aplicación para aqueles fillos ou orfos de empregados provinciais que sigan estudos de ensinanzas non reguladas e teñan acreditada legalmente a condición de persoas con capacidades diferentes.

Terceira.- Estas contías rexerán para o curso 2018-2019

Cuarta.- Criterios para a adxudicación das bolsas de estudos:

1º.- Soamente se concederá **unha bolsa de estudo por estudante e curso académico**, debendo presentar unha solicitude acompañada da documentación que se refire na base sétima.

2º.- Se o traballador non prestara servizos durante o período que corresponde ao ano escolar, a axuda será proporcional ao tempo traballado.

3º.- Os alumnos con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastornos graves de conduta, debidamente acreditado, poderán solicitar a axuda para o mesmo curso para o que xa a tivesen concedida.

Na concesión de axudas terán preferencia os cursos e ensinanzas de carácter obrigatorio.

4º.- Se no presente ano se solicita unha axuda para un curso ou carreira distinta da que se cobrou o ano anterior, poderase renovar a axuda para o mesmo curso, sempre que se xustifique aprobar o 100% do curso para o que se solicitou e percibiu a bolsa de estudo anterior.

5º.- As devanditas cantidades **incrementaranse en 213,33 € para cada curso cando os alumnos non residan no mesmo concello onde figuran empadroados** e, en **119,16 € cando non estean matriculados no mesmo concello onde estean empadroados, aínda que residan neste.**

6º.- As contías de todas estas bolsas de estudos **serán elevadas ata o dobre do seu importe cando o beneficiario sexa orfo de empregado público provincial.**

Quinta.- As axudas a conceder **aos empregados públicos en activo desta Excma. Deputación Provincial**, consistirán en bolsas de estudo para as seguintes ensinanzas e nas contías que se indican:

. Aboarase o importe xustificado como gastado, ata un máximo de **72,89 €**, para as ensinanzas previstas no apartado e) da base segunda, que teñan carácter oficial ou homologado.

. Aboarase o importe xustificado como gastado, ata un máximo de **251,38 €**, para as ensinanzas comprendidas na base segunda, apartados c) e d) excluídas as ensinanzas universitarias que teñan carácter oficial ou homologado.

. Aboarase o importe xustificado como gastado, ata un máximo de **681,11 €**, para as ensinanzas universitarias (curso de acceso á UNED, diplomatura, licenciatura e similares, grao universitario, máster universitario e doutorado) que teñan carácter oficial ou homologado.

Concédesse a devandita axuda para sufragar os gastos de matrícula e libros, sendo necesaria a presentación de facturas, fotocopia compulsada de matrícula e cualificación do curso anterior, con cada instancia presentada.

As contías máximas das axudas sinaladas nos anteriores parágrafos desta base quinta, veranse incrementadas nun 30 % para o persoal cuxas retribucións ordinarias anuais sexan inferiores a 20.000 € en un 20% para o persoal cuxas retribucións ordinarias anuais estean comprendidas entre 20.000 e 30.000 €, tomando como referencia as retribucións do exercicio económico 2018. A estes efectos entenderase como retribucións ordinarias a suma dos importes das retribucións polos conceptos de soldo base, trienios, complemento de destino, complemento específico e paga extraordinaria.

Sexta.- Motivos para denegar ou renunciar á axuda.

1º.- Non comezar os seus estudos dentro do primeiro trimestre escolar do curso para o que foi concedida, salvo casos de forza maior.

2º.- Non presentarse aos exames dos estudos nos que estea matriculado e para os que solicita a bolsa de estudos.

No caso de que se aprecie no solicitante intención fraudulenta, ou este cometera calquera tipo de acción tendente a confundir, ocultar ou aparentar circunstancias, a Comisión de Valoración propondrá á Xunta de Goberno que esixa o reintegro das cantidades percibidas dende a comisión do acto fraudulento, quedando inhabilitado durante cinco anos para percibir calquera outra axuda das reguladas nestas bases e outros regulamentos da Deputación, sen prexuízo das responsabilidades que, por outra vía, se poidan esixir.

Sétima.- Documentación que deberán presentar obrigatoriamente dentro do prazo de presentación de instancias, para a concesión da bolsa de estudos

1º.- Cualificacións do curso para o que solicitou e cobrou a axuda o ano anterior.

2º.- Documentación acreditativa de estar matriculado no curso para o que solicita a bolsa de estudos este ano.

3º.- O empregados públicos deberán presentar os xustificantes dos gastos realizados.

4º.- Certificado de empadramento, se é o caso.

5º.- Para xustificar o punto terceiro da base cuarta, acreditación documental da residencia do municipio onde estean matriculados (factura da residencia universitaria, factura do pagamento do aluguer da vivenda, etc).

6º.- Cando se observe que algún requisito dos esixidos nas presentes bases non está suficientemente acreditado, poderáselle pedir ao solicitante que entregue, a maiores do sinalado nos puntos anteriores, a xustificación que se estime suficiente, expresando na notificación o motivo da petición e outorgándolle un prazo non inferior a 5 días hábiles.

7º.- Documentación acreditativa oficial dos ingresos por pensión de xubilación, invalidez, viudedade ou orfandade nos casos de solicitantes que non estean en situación administrativa de servizo activo. Nestes supostos, se non se achega a citada documentación coa solicitude, entenderase de aplicación a contía básica.

Oitava.- Presentación das instancias

A bolsa de estudos deberá ser solicitada mediante instancia, dirixida ao Sr. Presidente da Deputación Provincial, de acordo co modelo oficial que se facilitará no Rexistro Xeral, no que figura tamén a declaración xurada.

Deberá acompañarse necesariamente á instancia, a documentación á que se refire a base Sétima anterior.

Novena.- Prazo de presentación

A instancia para optar a esta axuda será presentada no prazo de **UN MES**, que contará dende o día seguinte ao da data de publicación no BOP de Lugo, do que se remitirá unha copia a todos os servizos e centros da Deputación.

Décima.- Comisión de Valoración

a) A Comisión de Valoración do concurso estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

A deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo ou membro da Corporación que o substitúa.

VOGAIS:

- A deputada delegada de Economía, Recadación e Facenda ou membro da Corporación que a substitúa.
- O xefe do servizo de Recursos Humanos ou funcionario que o substitúa.
- O Presidente da Xunta de Persoal ou membro da mesma que o substitúa.
- O Presidente do Comité de Empresa ou membro do mesmo que o substitúa.

SECRETARIO/A:

A Secretaria da Corporación, con voz e voto, podendo ser substituída por funcionario con habilitación de carácter estatal que preste servizos nesta Entidade ou por funcionario que regulamentariamente o substitúa.

b) Incorporación de asesores e persoal de colaboración

A Comisión de Valoración poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naqueles casos nos que se demande oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores en tarefas de asistencia e colaboración.

c) Pagamento de asistencias aos membros da Comisión de Valoración.

Os membros da Comisión de Valoración, así como os asesores ou persoal de colaboración que se incorporen, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida no RD 462/2002 de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data do feito causante, na categoría primeira.

Undécima.- A Comisión de Valoración, unha vez realizado o seu cometido, formulará á Xunta de Goberno proposta das bolsas de estudos que se concederán, e que se resolverá tendo en conta que, non poderá exceder do límite da cantidade de crédito orzamentario dispoñible para tal fin.

Duodécima.- As cantidades asignadas serán de carácter fixo, segundo os niveis para os que se solicitan e de conformidade coa táboa que figura nas bases podendo, no suposto de non ser suficiente a cantidade presupostada, reducir as asignacións individuais nunha proporción equivalente ao exceso que resulte da suma total en relación co tope máximo establecido.

Pazo Provincial, 4 de outubro do 2019 A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

SOLICITUDE**BOLSA DE ESTUDOS PARA O CURSO 2018/2019****DATOS DO/A BENEFICIARIO/A:**D./D^a. _____ DNI _____

ENDEREZO _____ TFNO: _____

 PENSIONISTA FUNCIONARIO PERSOAL EN ACTIVO LABORAL

UNIDADE ONDE PRESTA SERVIZOS _____

DATOS DO/DA CAUSANTE: BENEFICIARIO FILLO ORFO (*) _____

Apelidos e Nome	Idade	Estudos	Localidade	Curso

